



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga e Manuel Parga Núñez, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Na pasada lexislatura adxudicouse a redacción do proxecto e execución da obra e construción dun Centro de Día, con capacidade para 30 persoas, en As Pontes (A Coruña).


O investimento total previsto, en tres anualidades, era o seguinte: 281.970 € en 2007, 1.724.430 € en 2008 e 618.924 € en 2009; en total: 2.625.324 €.

O prazo de execución do proxecto e a obra eran de 23 meses, dende novembro de 2007 até novembro de 2009.

Logo de varias iniciativas parlamentares do BNG, o Goberno informou inicialmente da súa apertura en xuño do ano 2011 e, pasada esa data, nunha resposta a outra pregunta posterior do BNG, comunica que a nova data de apertura do Centro no último trimestre de 2011.

Porén, este Centro de Día xa rematado, continúa pechado; namentres hai persoas das Pontes que acoden cada día ao Centro de San Sadurniño.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o motivo (ou motivos) polo que o Centro de Día das Pontes continúa pechado?.
- En que nova data está prevista a apertura deste Centro de Día?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Manuel Parga Núñez

Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 10/05/2012 11:43:49

Manuel Parga Nuñez na data 10/05/2012 11:43:55